

Sr. alcalde do Concello de Xermade

EXPEDIENTE:	ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro). PR483A. Fondo de Compensación Ambiental. Subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a concellos.
ASUNTO:	Notificación de resolución de concesión

De acordo co disposto na Orde do 28 de decembro de 2023 arriba citada, dentro da liña de subvencións contemplada no artigo 3.1.a), **subvencións de natureza non competitiva** destinada aos concellos cuxo territorio municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, a directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (disposición derradeira primeira da Orde do 28.12.2023, en relación coa D.A. segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. DOG núm. 871, do 24 de abril) resolveu:

1. Inadmitir parcialmente a solicitude de subvención presentada polo Concello de Xermade pola causa que se indica:

O orzamento das actuacións para gastos de funcionamento, incluídas no proxecto para o que solicita subvención o Concello de Xermade, representa unha porcentaxe superior á máxima establecida no artigo 14 das bases reguladoras para as solicitudes na liña en concorrencia non competitiva. Isto constitúe unha causa de inadmisión establecida no artigo 8, alíneas 5 e 9, en relación co artigo 14.1 das bases reguladoras.

O citado artigo 8.5 determina que non se admitirán aquelas solicitudes cujos orzamentos superen os importes e/ou as porcentaxes máximas establecidas no artigo 14 para a liña non competitiva.

Pola súa vez, con respecto ás solicitudes para gastos de funcionamento, o artigo 14.1 indica que na liña de subvención de natureza non competitiva non se sinala un límite para o orzamento total das actuacións, pero a cantidade orzada para gastos de funcionamento, incluídos os custos de persoal, non poderá superar o 50% do orzamento total.

No caso do Concello de Xermade, o orzamento dos gastos de funcionamento representa un 62,26 % do total; xa que logo, conforme o previsto no artigo 8, alíneas 5 e 9, en relación co artigo 14.1 das bases reguladoras, esta solicitude debe inadmitirse parcialmente no tocante á actuación Servizos municipais de protección do ambiente e espazo natural, con natureza de gasto corrente e un orzamento de 50.540,50 €.

O proxecto elixible queda configurado polas actuación con natureza de investimento denominada Equipamento para recollida de residuos segundo se detalla no cadro adxunto, cun orzamento total de 30.633,32 € (IVE incluído). O mesmo cadro tamén reflicte a cuantificación das actuacións non elixibles:

XERMADE	Elixible	Non elixible	Total
Servizos municipais de protección do ambiente e espazo natural	0,00	50.540,50	50.540,50
Equipamento para recollida de residuos	25.316,79		25.316,79
OEMaterial	25.316,79	50.540,50	75.857,29
IVE 21%	5.316,53		5.316,53
OECONTRATA	30.633,32	50.540,50	81.173,82

2. Concederelle a ese concello **unha subvención** por importe total de **30.633,32 €**, para o proxecto denominado **"Equipamento para recollida de residuos"**, segundo o detalle que se indica a continuación:

ORZAMENTO TOTAL:	30.633,32 €
– Orzamento gastos de funcionamento:	0,00 €
– Orzamento investimentos:	30.633,32 €
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN:	30.633,32 €
– Importe subvención para gastos de funcionamento:	0,00 €
– Importe subvención para investimentos:	30.633,32 €

Esta subvención se fixa como un **importe certo**, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que se entenderá que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. Deberá ser reintegrado o financiamento público polo importe que superase o custo total da actividade. Todo iso sempre que **non supoña unha execución deficiente do proxecto** e o beneficiario da subvención cumpra o resto das condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

Con carácter xeral, e sen prexuízo do cumplimento das normas contidas na convocatoria e demais normativa de aplicación, a entidade beneficiaria deberá ter en conta o seguinte:

- **ACEPTACIÓN:** Segundo prevé o artigo 26 das bases reguladoras, a entidade beneficiaria disporá dun prazo **dez días**, contados a partir do día seguinte á recepción desta notificación, para comunicar a **aceptación da subvención e das condicións contidas nela** ou ben comunicar a **renuncia á subvención concedida**. Para tal fin pode utilizarse o modelo de aceptación que se xunta como anexo a esta notificación que deberá presentar asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na sede electrónica da Xunta de Galicia dentro do procedemento PR483A.

Unha vez aceptada a subvención, a entidade beneficiaria queda **obrigada** a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos e a **realizar as actuacións subvencionadas**. A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumplimento da finalidade da axuda.

- **OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:** As obrigas xerais dos beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro da 28 de decembro de 2023 están recollidas no artigo 27 da orde, sen prexuízo da obriga do cumplimento da restante normativa de aplicación, nomeadamente en materia de subvencións. Entre as citadas obrigas atópase a de destinar os bens ao fin concreto para o que se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.

- **XUSTIFICACIÓN:** O prazo para a realización e xustificación das actuacións subvencionadas remata o **31 de outubro de 2024** sen que exista a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta. Os concellos beneficiarios deben presentar antes da finalización do prazo referido a documentación xustificativa recollida nos artigos 30 a 32 das bases reguladoras, segundo o caso.

A xustificación ante o órgano concedente do cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade que fundamentou a súa concesión e o seu custo real é unha **obriga da entidade beneficiaria**, recollida expresamente no artigo 27 da Orde e está en relación co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando deban xustificarse gastos de **investimentos** e de **custos de funcionamento** dos servizos dedicados á protección do ambiente e o espazo natural, a **conta xustificativa realizarase de forma separada**, presentando unha conta para os gastos de investimento e outra para xustificar os gastos de funcionamento, tal e como esixe o artigo 30 da Orde.

A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a **perda do derecho ao cobramento da subvención** e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

- **OBRIGA DE EXECUCIÓN:** Conforme co establecido no artigo 16 das bases reguladoras, as entidades beneficiarias das subvencións están **obrigadas a executar o proxecto presentado xunto coa solicitude e que fundamenta a resolución de concesión**, de conformidade co especificado nas memorias e/ou proxectos presentados e nos orzamentos que os integran, que terán o nivel de detalle suficiente, sen prexuízo da modificación das características do proxecto subvencionado que o órgano competente poida autorizar consonte as prescripcións da normativa de aplicación

Igualmente, o concello beneficiario deberá ter en conta o previsto no **artigo 17** das bases reguladoras respecto da **reducción do importe da subvención e do concepto de execución deficiente**:

1. *De conformidade co previsto no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a subvención de natureza non competitiva fixase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que se entenderá que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.*

No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pagamento da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido.

2. (...)
3. *En ningún caso o menor custo de ejecución del proyecto subvencionado puede suponer una ejecución deficiente del proyecto y la entidad beneficiaria de la subvención debe cumplir las condiciones de concesión y a finalidad o objetivos para los cuales se concedió la ayuda.*

- **PUBLICIDADE:** No caso de subvención para **obras cun orzamento superior a 20.000 euros**, a entidade beneficiaria deberá dar **publicidade da actuación** mediante a colocación dun cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, segundo o **modelo do anexo X** das bases reguladoras e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

Se a subvención comprende varios proxectos de obra, a obriga de publicidade entenderase referida a cada un dos proxectos que superen o importe indicado no número anterior.

No suposto da adquisición de **vehículos**, a entidade beneficiaria deberá incluír na **rotulación** daqueles o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial, e o lema «*Fondo*

Dirección Xeral de Administración Local

ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Rúa Madrid 2-4, 2º - As Fontiñas

15781 – Santiago de Compostela

administracionlocal@xunta.gal

de Compensación Ambiental», facendo constar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, sen prexuízo de que o beneficiario incorpore o seu propio escudo e a indicación do servizo ao cal estará afectado o dito vehículo. Para isto, seguirase o **modelo establecido no anexo XI** das bases reguladoras.

O **incumprimento** das obrigas de publicidade constitúe causa de **perda do derecho ao cobramento da subvención** (artigos 29 e 34.1.b) das bases reguladoras).

- **CONTRATACIÓN:** As entidades locais beneficiarias poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total da actuación que constitúa o obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración concedente.

A tramitación da **contratación das obras, equipamentos ou servizos** será realizada polas entidades locais beneficiarias conforme a **normativa vixente en materia de contratación do sector público**, especificamente a que rexe as contratacóns das entidades locais, e serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumplimentos poidan derivar.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a **publicación do anuncio da licitación do contrato** por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a **resolución de adxudicación da obra e/ou equipamento**, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio de adxudicación relacionado cos custos.

- **EFFECTIVIDADE DOS PAGAMENTOS:** As entidades beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á execución das actuacións subvencionadas e relacionados na certificación de gastos presentada. Estes pagamentos deberán estar realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

A acreditación realizarase mediante **xustificante de transferencia bancaria** que estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención.

A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade dos pagamentos realizados.

- **CONCORRENCEA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNIS PÚBLICAS.** Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En ningún caso o importe do libramento da subvención, illadamente ou en concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá **superar o custo da actividade subvencionada**.

- **PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN.** Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable á subvención, constitúen causas de perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención as seguintes (artigo 34 das bases reguladoras):
 - a) Non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exixibles consonte o establecido nesta orde ou a súa presentación insuficiente ou incompleta con respecto aos termos exixidos polos artigos 30 a 32 desta orde.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considéranse incumprimentos os seguintes:
 1. Non executar, dentro do prazo establecido nestas bases reguladoras, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión.
 2. Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas nesta orde, particularmente a obriga de colocar cartel de obra e/ou rotulación do vehículo, e non achegar as fotografías que acrediten o cumprimento destas obrigas cos requisitos establecidos para a súa presentación nos artigos 30 a 32.
 3. Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacóns das administracións públicas na tramitación e contratación das obras, subministracións ou servizos que constitúen o obxecto da subvención.
 4. Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

Contra a resolución de concesión da subvención, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

(documento asinado electronicamente na marxe)